

Título: Daens	Ano: 1993
País: Bélxica	Director: Stijn Coninx
Guión: F. Chevalier	Música: Dirk Broseé
Reparto: Declerck, Gerard Desarhe, Antje de Boeck, Michael Pas.	
Coproducción Bélxica / Francia /Holanda.	
Nominada ao Óscar como mellor película de fala non inglesa.	

Sinopse:

A acción desenvólvese nunha cidade industrial de Bélxica, Anls, a finais do século XIX. Descríbese a problemática do proletariado enfrontado aos empresarios e a un sistema capitalista que aínda lles ten vetados os seus dereitos como traballadores. E todo isto no marco da loita política cara á consecución do sufraxio universal. O liderado de todo este movemento recae nun sacerdote, Daens, que é o que dá título ao filme.

ASPECTOS QUE PODES OBSERVAR NA PELÍCULA:

- Os espazos públicos e privados das distintas clases sociais: a casa, a rúa, a fábrica, a taberna, o parlamento, a igrexa.
- A situación do proletariado e a súa loita por acadar dereitos.
- As relacións de xénero: situación das mulleres.
- A infancia: educación e traballo.
- As ideoloxías: liberalismo, socialismo e socialdemocracia.
- A loita pola consecución do sufraxio universal.
- A crise económica, como feito inherente ao sistema capitalista.

CUESTIONARIO DE TRABAJO

1. Describe o mundo dos traballadores fabrís:

NA FÁBRICA:



- Quenes formaban parte dos traballadores fabrís?
- Que salario tiñan?
- Como era o seu horario de traballo?
- Apreciaches algún tipo de dereito laboral? Xustifica a túa resposta.

FÓRA DA FÁBRICA:



- Como eran as súas casas, as súas rúas, o seu barrio?
- Como era o seu nivel cultural?
- Como se divertían?

A TÚA OPINIÓN:



- Qué aspectos da vida dos traballadores impresionáronte máis? Podes citar exemplos.
- Cres que o que nos presenta a película actualmente está superado grazas ao progreso e desenvolvemento xeral? Razóao

2. Fíxate agora nos empresarios:

- Que problemas ten e como intentan solucionarlos?

- b) Describe as súas casas, a súa forma de divertimento, a súa educación e cultura.
- c) Como é súa participación na vida política?

3. **As relacións de xénero:**

- a) Que protagonismo ten a muller nesta película?
- b) Fíxate na muller do empresario e nas traballadoras. Que rasgos de personalidade outorgarías a cada unha delas?
- c) Que rol lles ten asignada a sociedade á muller burguesa e á traballadora fabril?
- d) Ao longo da película, observas logros na obtención de dereitos por parte das mulleres? Razoa a resposta.

4. **O traballo infantil:**

- a) Comenta o que te chamou a atención do mundo infantil a finais do s. XIX.
- b) Cres que estaba xustificado ter moitos fillos entre as clases traballadoras?
- c) Que diferenzas observas daquela época respecto do momento histórico que te tocou vivir?

5. **O mundo da política:**

- a) Expón as características (seguidores, principios que defenden, obxectivos que queren acadar...) dos seguintes partidos políticos que aparecen na película: partido liberal, partido socialista, partido socialdemócrata.
- b) De que tratan as distintas discusións que se desenvolven no parlamento belga?
- c) Que tipo de sufraxio existe ao longo de boa parte da película? Que repercusións ten para a masa traballadora?
- d) Como se manipula o voto dos traballadores?
- e) En que se basea o padre Daens para pedir o voto dos traballadores?

6. **O papel da Igrexa:**

- a) Como se leva o padre Daens co resto dos membros da Igrexa Católica?
- b) Que defende o padre Daens?
- c) Que é a Rerum Novarum?

7. **Valoración do film:**

- a) Que te ensinou a película?
- b) Que é o que máis te gustou?
- c) E o que máis te desagradou?
- d) Expón algunha suxestión ou observación que queras realizar.